

Nº 15**O PAZO DAS MUSAS**

Xoves, 25 de setembro de 2008. Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas**. Lugar: **Refectorio** do Museo Provincial. Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Imaxe: **Antonia Magide**. Coordina: **Antonio Reigosa**

O Museo Provincial de Lugo creouse por acordo da Deputación de Lugo o 29 de febreiro de 1932 e inaugúrouse oficialmente o 10 de xaneiro de 1934. O *Pazo das musas* súmase aos actos conmemorativos do 75 aniversario dedicando parte dos contidos ás persoas, coleccións e historia desta institución.

SUMARIO**Portada musical**

Tema: *Curru-cu-cu-cu* (José Remis Ovalle). Intérpretes: **Juanjo Fernández** (gaita), **Miguel Fernández** (tambor) (3')

Cine (XXX Semanas de cine)

En Lugo contamos o cine por semanas, por **Xulio Xiz** (10')

Música

Tema: *Jota de Suárbol* (tradicional) Intérprete: **Juanjo Fernández** (pandeira e voz) (3')

Memoria viva

Conversa con Baldomero Pestana, por **A. Reigosa** (12')

Música

Tema: *Moliñeira* (Juanjo Fernández) Intérprete: **Juanjo Fernández** (trompa) (3')

Narración

Un trasno do museo no Tour de Francia (I), por **Xosé Miranda** (7')

Música

Tema: *O pretendente* (tradicional) Intérprete: **Juanjo Fernández** (violín e voz) (3')

Memoria viva

Conversa con Baldomero Pestana, por **A. Reigosa** (12')

Música

Tema: *Muiñeira grande* (Juanjo Fernández) Intérpretes: **Juanjo Fernández** (gaita), **Miguel Fernández** (tambor) (3')

Narración

Un trasno do museo no Tour de Francia (II), por **Xosé Miranda** (7')

Música

Tema: *Moliñeira de Vilar de Mouros* (tradicional) Intérprete: **Juanjo Fernández** (pandeiro e voz) (3')

Narración

Un trasno do museo no Tour de Francia (e III), por **Xosé Miranda** (7')

Opinión

Intervención do público asistente (3')

Epílogo

Por **Encarna Lago**, Xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Tema: *Jota* (tradicional) Intérprete: **Juanjo Fernández** (trompa) (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Grupo Fotocinematográfico "Fonmiña"

O Grupo Fotocinematográfico Fonmiña nace en Lugo a mediados dos anos setenta polas inquedanzas duns mozos afeccionados ó mundo da imaxe. A fotografía, como medio de perpetuar a vida, deixando constancia do vivido para o futuro, e o cine como sucesión de fotografías acompañadas da palabra e da música, constituían o norte deste grupo de afeccionados que tomaron o nome da lagoa existente no concello de Pastoriza, da Terra Chá, e que na actualidade – trinta anos despois – veñen representar o punto de referencia para falar de imaxe nas terras de Lugo. Do seu traballo destes trinta anos compre subliñar as cinco Bienais de Fotografía e as 30 Semanas internacionais de Cine de Autor, ademáis de numerosos cursiños, sesiões, certames, conferencias, exposicións... sempre relacionadas co cine e a fotografía. A 1ª Semana Internacional de cine de autor celebrouse en Lugo en 1979. Desde entón, cada ano, o mes de setembro constitúe unha cita xa imprescindible para os cinéfilos que poden mergullarse no mundo do cine e homenaxear ós lucenses vencellados coa séptima arte. Nas Semanas de Cine organizadas por Fonmiña colaboran o Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo, Xunta de Galicia, Xacobeo, Caixa Galicia, Universidade-Campus de Lugo e Galicia Dixital.

Fernández, Juanjo

Madrid, 1958. Despois de tocar dende neno guitarra e flauta sinte unha vocación pola gaita do fol ós vinte anos. Trasládase a Galicia para aprende-la mellor e pouco a pouco vai penetrante nas diferentes variantes da música tradicional e, en xeral, da cultura galega. Coñecido polo cultivo do vello xeito de tocar denominado "pechado", ten actuado en moitas ocasións dentro e fora de Galicia nas facetas de gaiteiro solista e na de integrante de varios conxuntos musicais como Alecrín ou Tronada. Estudioso da música rural, ten publicado ó redor de vintecinco traballos sobre diversos aspectos musicais e gravado 8 discos tanto en solitario como en colaboración con outros músicos. Na actualidade, xunto co

estudo e a recolleita de campo, a súa actividade principal é o ensino de música tradicional. Unha mostra do seu traballo é o sitio web "agaitadofol.com".

Miranda, Xosé

Lugo, 1955. Licenciado en Bioloxía. Profesor de bacharelato no Instituto Xoán Montes de Lugo. Narrador e poeta. Especialista en literatura de tradición oral. Como poeta ten publicado: Sonetosfera (1996), accésit do Premio Esquío 1995; Andantes e viaxeiros (1996), Premio Eusebio Lorenzo Baleirón 1995; Carozo azul (1997); Permiso para o corso (1997), Premio Esquío 1996. A súa poesía está reunida no volume As cidades mergulladas. (Poesía reunida 1973-2002) (Xerais 2003). Como narrador deuse a coñecer co relato Na terra sombría (1988), Premio Modesto Figueiredo; foron as súas obras posteriores: Historia dun paraugas azul (Xerais 1990, 2006), Premio de novela García Barros; A biblioteca da iguana (Xerais 1994, 2006), relatos; A neve e a cadeira (1994), relato longo; A tres bandas (Xerais 1995), novela polícíaca; Vestío (1995, Xerais 2008), novela; Partenoxénese (1995), Premio de narrativa fantástica Xenciana, 1994; O demo á orella (Xerais 1996), relatos; «Seis medos» en Antoloxía do conto galego de medo (1996); Morning star (1998), Premio Xerais de novela; Infancia e desventura de Lino Carrán (2000), novela, Ariadna (Xerais 2002), novela; Pel de lobo (Xerais 2002), novela, Premio Merlin 2002; o relato "Tartxeta vermella" publicado en Materia prima (Xerais 2002) e Tartxeta vermella (Xerais 2003), relatos. Os seus contos de medo están recollidos nos volumes Trilogía pánica (Xerais 2000) e As mans do medo (Xerais 2007). Como autor de literatura infantil publicou: Lúa e os nubeiros (2000), O coello Federico (2000), Feitizo (Xerais 2001), Álvaro e Álvaro (Xerais 2004), Federico na silveira (Xerais 2006) e Amancio Amigo e o meigo de Salamanca (Xerais 2006). Tamén é coautor xunto con Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba do Diccionario dos seres míticos galegos (Xerais 1998) e dos vinte volumes dos contos da colección Cabalo Buligán (Xerais 1998-2003) recollidos da tradición oral. Así mesmo é co-autor dos volumes Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral galega (Xerais 2001), Pequena mitoloxía de Galicia (Xerais 2001), Cando os animais falaban (Xerais 2002), Antoloxía do conto galego de tradición oral (2002) e Arrepíos e outros medos (Xerais 2004) e A flor da auga (Xerais 2006), ambos os dous volumes pertencentes á serie "Lendas de Galicia".

Pestana, Baldomero (Véxase Anexo)

.....